

COMISIÓN INFORMATIVA DE TERMALISMO, TURISMO E MEDIO AMBIENTE

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de febreiro de 2020**

Na sala de xuntas do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás 17.55 horas do día 20 de febreiro de 2020, reúnese a comisión informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

Presidenta: D.^a Ana María Villarino Pardo

Deputados/as do Grupo Popular:

D. Jorge Pumar Tesouro

D.^a Consuelo Vispo Seara

D. Miguel Antonio Cid Álvarez

D.^a Ana Patricia Torres Madureira

Deputados/as do Grupo Socialista:

D.^a Susana Rodríguez Estévez

D. Álvaro Vila Araújo

D.^a Margarita Pérez Fernández

Deputado de Democracia Ourensana: D. José Miguel Caride Domínguez

Deputado do BNG: D. Bernardo Varela López

Secretario: D. Juan Marquina Fuentes

Interventora: D.^a María Begoña Álvarez Matos

Non asiste a Deputada de Ciudadanos-Partido de la Ciudadanía, dona Montserrat Lama Nóvoa.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á

ORDINARIA DO DÍA 23 DE XANEIRO DE 2020.-

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de xaneiro de 2020.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Termalismo, Turismo e Medio Ambiente do día 20 de xaneiro de 2020, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

2º.- MOCIÓN DE URXENCIA.- Non se presentan.

3º.- ROGOS E PREGUNTAS.- Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

D. Bernardo Varela López, portavoz do BNG, indica que pola prensa se tivo coñecemento dunha explotación mineira que se está tramitando na zona da Raia Portuguesa e que pode ter aparentemente importante incidencia na zona limítrofe da provincia de Ourense, polo que solicita que a Deputación Provincial estea vixiante e realice un seguimento da eventual autorización da dita explotación.

D.ª Ana María Villarino Pardo, presidenta da Comisión, recolle o rogo e indica que na súa condición de alcaldesa de Oímbra xa ten coñecemento desta instalación na zona de Montalegre, e que xa está actualmente en contacto cos representantes da Comarca de Montalegre para o respecto.

D.ª Susana Rodríguez Estévez, do Grupo Socialista, pregunta se houbo algunha variación respecto á comisión anterior en relación cos estudos que se estaban realizando sobre o potencial termal das augas do Pazo Provincial.

D.ª Ana María Villarino Pardo, presidenta da Comisión, contesta que a día de hoxe a situación é a mesma e que se informará cando haxa novidades.

E, ás 18.05 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se asinará electronicamente. Dou fe.

